



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN  
DATA 8 DE XUÑO DE 2023**

**PRESIDENTE:**

PABLO DIEGO MOREDA GIL

**MEMBROS:**

MAGDALENA PEREZ VILLAR  
JESÚS ROMERO CARRACELAS

**AUSENTES:**

Excusan a súa asistencia os Concelleiros:  
MANUEL PÉREZ RIOLA  
CARMELA PRIETO CAL

**SECRETARIA:**

ANA VELO RUIZ

**INTERVENTORA:**

M<sup>a</sup> CARMEN MENÉNDEZ ARES

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira, ás 14:28 horas do día 08.06.2023, reúnen-se os membros da Xunta de Goberno Local arriba relacionados co obxecto de realizar sesión ordinaria, en primeira convocatoria, mediante medios electrónicos e telemáticos (videoconferencia), de acordo coa convocatoria realizada pola Alcaldía-Presidencia ao abeiro do previsto no novo apartado 3 engadido o artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local pola Disposición final segunda do Real Decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte o COVID-19, publicado no BOE no 91 de 1 de abril de 2020.

Actúa como Secretaria da Corporación, dona Ana Velo Ruiz, que da fe do acto, así como do cumprimento dos restantes requisitos esixidos polo artigo 46.3 da Lei 7/1985 do 2 de abril para a válida realización das sesións por medios electrónicos e telemáticos.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se da o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose ó estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO 26.05.2023**

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 26.05.2023 e ao non producirse ningunha, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.



## 2. BAIXA DE VAO PERMANENTE Nº18

Vista a proposta da Alcaldía, asinada dixitalmente con data 05.06.2023, que literalmente di:

### “PROPOSTA DA ALCALDÍA

**Procedemento: ENTRADA E SAÍDA DE VEHICULOS (VAOS)**

**Expediente: 2022/V008/000007**

**Asunto: BAIXA DE VAO PERMANENTE**

### ANTECEDENTES DE FEITO

Vista a solicitude de baixa do/s vao/s cós seguintes datos:

- Solicitante: MARÍA DIANA CENDAN RODRÍGUEZ
- Titular do vao: BERNARDO CENDAN SIXTO Y OTRO CB
- Situación: (
- Referencia catastral: :
- Nº de vao: 18

Visto o informe da Policía Local de data 10/11/2022, no que se informa FAVORABLEMENTE a solicitude de baixa do vao.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Considerando o previsto no artigo 59 na Ordenanza xeral municipal sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, que establece que:

*“Artigo 59. Baixa ou anulación do vao.*

*Cando se solicite a baixa ou anulación da autorización de entrada de vehículos que viña gozando por deixar*

*de usar o local como aparcadoiro, deberase suprimir toda a sinalización indicativa da existencia da entrada, reparación do bordo da beirarrúa ao estado inicial e entrega da placa nos servizos municipais correspondentes. Previa comprobación do cumprimento destes requisitos pola Policía Local, procederase á concesión da baixa solicitada....”*

Polo exposto, PROPOÑO que a Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

1º.- Outorgar a autorización para baixa do vao cós seguintes datos:

- Solicitante: MARÍA DIANA CENDAN RODRÍGUEZ
- Titular do vao: BERNARDO CENDAN SIXTO Y OTRO CB
- Situación:
- Referencia catastral:
- Nº de vao: 18

2º.- Notificar o presente acordo aos interesados e aos demais negociados, seccións ou servizos correspondentes, para o seu coñecemento e efectos.”



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

### 3. BAIXA DE VAO PERMANENTE Nº 268

Vista a proposta da Alcaldía, asinada dixitalmente con data 06.06.2023, que literalmente di:

#### “PROPOSTA DA ALCALDÍA

**Procedemento:** ENTRADA E SAÍDA DE VEHICULOS (VAOS)

**Expediente:** 2023/V008/000005

**Asunto:** BAIXA DE VAO PERMANENTE

#### ANTECEDENTES DE FEITO

Vista a solicitude de baixa do/s vao/s cós seguintes datos:

- Solicitante: Evaristo Manuel Grandal Fraga
- Titular do vao: Evaristo Manuel Grandal Fraga
- Situación:
- Referencia catastral:
- Nº de vao: 268

Visto o informe da Policía Local de data 05/06/2023, no que se informa FAVORABLEMENTE a solicitude de baixa do vao.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Considerando o previsto no artigo 59 na Ordenanza xeral municipal sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, que establece que:

*“Artigo 59. Baixa ou anulación do vao.*

*Cando se solicite a baixa ou anulación da autorización de entrada de vehículos que viña gozando por deixar*

*de usar o local como aparcadoiro, deberase suprimir toda a sinalización indicativa da existencia da entrada, reparación do bordo da beirarrúa ao estado inicial e entrega da placa nos servizos municipais correspondentes. Previa comprobación do cumprimento destes requisitos pola Policía Local, procederase á concesión da baixa solicitada...”*

Polo exposto, PROPOÑO que a Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

1º.- Outorgar a autorización para baixa do vao cós seguintes datos:

- Solicitante: Evaristo Manuel Grandal Fraga
- Titular do vao: Evaristo Manuel Grandal Fraga
- Situación: .
- Referencia catastral:
- Nº de vao: 268



2º.- Notificar o presente acordo aos interesados e aos demais negociados, seccións ou servizos correspondentes, para o seu coñecemento e efectos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

#### 4. APROBACION DA RELACION DE FACTURAS F-2023-28 EN XGL

Vista a proposta da Alcaldía, asinada dixitalmente con data 06.06.2023, que literalmente di:

##### “PROPOSTA: APROBACION DA RELACION DE FACTURAS F-2023-28 EN XGL

Vista a relacion de facturas que se indican a continuación, que se atopan conformadas e con crédito presupuestario para a súa tramitación e tendo en conta que a competencia da aprobación das facturas e certificacións de obra a partir de 12.000 euros mais IVE correspóndelle a Xunta de Goberno Local por delegación de alcaldía.

Visto o informe de reparo de intervención municipal de data 05 de xuño de 2023.

Visto o decreto de alcaldía de data 06 de xuño de 2023, de levantamento de reparo.

#### PROPOÑO

**Primeiro.-** Autorizar e dispoñer os gastos que se relacionan de seguido, e recoñecer e liquidar as obras correspondentes, xuntando nun so acto as tres fases de execución do gasto a que se refire o artigo 67.1.b) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, prestar aprobación ás facturas e os xustificantes que se citan, ordear o pago e que pola Tesourería Municipal se proceda o seu pagamento e contabilización con cargo ás partidas orzamentarias que se indican:

Nº REX	Nº FRA	DATA FRA	CIF/NIF	NOME	TEXTO	PROG	EGON	IMPORTE
F/2023/31	C 22144	31/12/2022	B15800907	VILLASUSO ORTEGAL SL	CONTRATO MENOR DE OBRAS DE MEELLORAS NO CAMIÑO DE ACCESO AS SAIÑAS / EXPTE.: 2022/C002/000072	160	62900	34.948,79 €
F/2023/32	C 22145	31/12/2022	B15800907	VILLASUSO ORTEGAL SL	CONTRATO MENOR DE OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DO CAMIÑO DE VII.ACAGIN / EXPTE.: 2022/C002/000134	454	61900	15.975,03 €
F/2023/878	23 190	31/03/2023	B27154731	SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS SLU	RECOGIDA de RSU, y LIMPIEZA VIARIA MARZO DE 2023	1621	22700	39.873,76 €
F/2023/913	2023/0723	31/03/2023	A15379803	SOCIEDAD GALEGA DO MEDIO AMBIENTE	Tratamento RU Mes Marzo 2023	1623	22799	14.119,25 €
F/2023/1123	13 59	25/04/2023	B15377534	MUEBLES Y CARPINTERIA GARCIA	Suministro e colocación de tarima, manta aislante, rodapié e flexes no CEIP NICOLÁS DEL RÍO. Aulas 11, 12, 23, 23, 25, 2	3232	22199	18.016,90 €
F/2023/1184	23 273	30/04/2023	B27154731	SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS SLU	RECOGIDA de RSU, y LIMPIEZA VIARIA ABRIL DE 2023	1621	22700	39.873,76 €
F/2023/1203	2023/1046	30/04/2023	A15379803	SOCIEDAD GALEGA DO MEDIO AMBIENTE	Tratamento RU Mes Abril 2023	1623	22799	13.968,24 €
							TOTAL	176.775,73 €

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira <https://sede.concellodecedeira.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

## 5. APROBACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS CORRESPONDENTES A TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTES AO MES DE MAIO DE 2023

Vista a proposta da Alcaldía, asinada dixitalmente con data 06.06.2023, que literalmente di:

### “PROPOSTA DE ALCALDÍA

**Asunto: APROBACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS CORRESPONDENTES A TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTES AO MES DE MAIO DE 2023.**

O Concello de Cedeira desenvolve o programa de Servizos Sociais de axuda no fogar e conta coa autorización de inicio de actividade inscrito no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia co número de identificación E-736/P.001.

A nova ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do Concello de Cedeira publicada no BOP núm.:94 do 19.05.2016 adaptada ao Decreto 99/2012, modificado polo Decreto 149/2013, do 5 de setembro polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo entrou en vigor o día 07.06.2016.

O regulamento do servizo de axuda no fogar do Concello de Cedeira establece no artigo 7.8 a obriga dos usuarios de participar no pagamento do servizo nos termos establecidos na súa norma reguladora. A participación no financiamento do servizo está regulado nos artigos 17 e 18 da ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar.

Unha vez determinada a participación de cada persoa usuaria no copagamento do servizo e comprobadas as horas efectivas de atención realizadas a cada un deles polo persoal do Departamento de Servizos Sociais do Concello,

É polo que se **propón** a esta **Xunta de Goberno Local**:

1º) A aprobación das liquidacións correspondentes a:

taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, **modalidade dependencia**, correspondente ó mes de maio 2023 que empeza por Carmen Aneiros Candales, DNI : ; cun importe de 136,32 € e finaliza con Dolores Yañez Castiñeiras, DNI: ' cun importe de 81,84 € e se compón de 48 obrigados ó pagamento ascendendo a un total de 5.566,30 €.

taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, **modalidade libre concorrencia**, correspondente ó mes de maio de 2023 que empeza por Maria Candida Caruncho García , DNI: , cun importe de 41,40 € e finaliza con Carmen Yañez Pita, DNI: cun importe de 28,80 € e se compón de 8 obrigados ó pagamento ascendendo a un total de 379,62 €.



2º) Que se continúe coa recadación das cantidades.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

## 6. APROBACIÓN DO ANTICIPO DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA A ASAMBLEA LOCAL CRUZ VERMELLA DE CEDEIRA ANUALIDADE 2023

Vista a proposta da Alcaldía, asinada dixitalmente con data 06.06.2023, que literalmente di:

### “PROPOSTA DA ALCALDÍA

#### APROBACIÓN DO ANTICIPO DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA A ASAMBLEA LOCAL CRUZ VERMELLA DE CEDEIRA ANUALIDADE 2023.

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria realizada o día 26 de maio de 2023, acordou a aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e a Asemblea Local de Cruz Vermella de Cedeira, con NIF Q2866001G para o ano 2023.

O 31 de maio de 2023 asinouuse o convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e a antedita asociación, unha vez presentada a documentación esixida na cláusula terceira do convenio.

O importe a subvencionar é de 3.800,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 135.489.00 do orzamento municipal para o exercicio 2023.

Consta no expediente informe favorable de Intervención de data 05 de xuño de 2023 relativo ao anticipo do 100% do importe da subvención, reténdose o 30% en concepto de garantía ata a xustificación do importe concedido.

Por todo iso, de conformidade co disposto na lexislación vixente,

#### RESOLVO

**Primeiro.-** Recoñecer a obriga e aprobar o pago do anticipo correspondente ao 100% do importe subvencionado, isto é, 3.800,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 135.489.00 do orzamento do ano 2023 a favor da beneficiaria, a Asemblea Local de Cruz Vermella de Cedeira con NIF Q2866001G.

**Segundo.-** Reter o 30% do importe da subvención en concepto de garantía de conformidade con previsto na cláusula quinta do convenio.

**Terceiro.-** Dar coñecemento da presente resolución aos departamentos de tesourería e intervención aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.



## 7. APROBACIÓN DO ANTICIPO DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA A ASOCIACIÓN ANPA “O BECO” DO IES PUNTA CANDIEIRA DE CEDEIRA ANUALIDADE 2023

Vista a proposta da Alcaldía, asinada dixitalmente con data 06.06.2023, que literalmente di:

### “PROPOSTA DA ALCALDÍA

#### APROBACIÓN DO ANTICIPO DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA A ASOCIACIÓN ANPA “O BECO” DO IES PUNTA CANDIEIRA DE CEDEIRA ANUALIDADE 2023.

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria realizada o día 26 de maio de 2023, acordou a aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e a Asociación ANPA “O Beco” do IES Punta Candieira con NIF G15376692 para o ano 2023.

O 31 de maio de 2023 asinouse o convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e a antedita asociación, unha vez presentada a documentación esixida na cláusula terceira do convenio.

O importe a subvencionar é de 10.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 324.489.00 do orzamento municipal para o exercicio 2023.

Consta no expediente informe favorable de Intervención de data 06 de xuño de 2023 relativo ao anticipo do 100% do importe da subvención, reténdose o 30% en concepto de garantía ata a xustificación do importe concedido.

Por todo iso, de conformidade co disposto na lexislación vixente,

#### RESOLVO

**Primeiro.-** Recoñecer a obriga e aprobar o pago do anticipo correspondente ao 100% do importe subvencionado, isto é, 10.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 324.489.00 do orzamento do ano 2023 a favor da beneficiaria, a Asociación ANPA “O Beco” do IES Punta Candieira con NIF G15376692.

**Segundo.-** Reter o 30% do importe da subvención en concepto de garantía de conformidade con previsto na cláusula quinta do convenio.

**Terceiro.-** Dar coñecemento da presente resolución aos departamentos de tesourería e intervención aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

## 8. APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 2 DA OBRA “SENDA PEONIL E AMPLIACIÓN DE CALZADA EN CORDOBELAS. POS+2022

Vista a proposta da Alcaldía, asinada dixitalmente con data 07.06.2023, que literalmente di:

### “PROPOSTA DE ALCALDÍA



**ASUNTO: APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 2 DA OBRA “SENDA PEONIL E AMPLIACIÓN DE CALZADA EN CORDOBELAS. POS+2022**

**Expte. 2022/C003/000002**

D. Antonio Blanco Martínez, con NIF , en representación da empresa HORDESCON S.L., con C.I.F. núm.B32108334, adxudicataria das obras “Senda peonil e ampliación de calzada en Cordobelas”, presentou a seguinte documentación con data 05.06.2023 (R.E. 2023/999/1229):

- Certificación núm. 2 polo importe de 23.800,57 €

A factura correspondente á certificación de obra núm. 2, expedida polo adxudicatario nos termos do RD 1619/2012 e Lei 25/2013, do 27 de decembro e que foi presentada telematicamente é a seguinte:

- Factura con nº de rexistro de facturas F/2023/1522, de data 05.06.2023, nº de factura FE23 35, correspondente á certificación nº 2 da obra “Senda peonil e ampliación de calzada en Cordobelas” por importe de 23.800,57 €.

Con data 07.06.2023 emitiuse un informe favorable pola Intervención municipal, relativo á aprobación da certificación de obra e factura presentada, sendo a conta da certificación completa da obra.

Unha vez vista a documentación que se cita, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Aprobar a certificación de obra núm. 2 da obra “Senda peonil e ampliación de calzada en Cordobelas” polo importe de 23.800,57 € e a correspondente factura do mesmo importe.

2.- Recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes, xuntando nun so acto as fases de execución do gasto a que se refire o artigo 67.1.b) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, prestar aprobación ás facturas e os xustificantes que se citan, ordear o pago e que pola Tesourería Municipal se proceda o seu pagamento e contabilización.

3.- Remitir á Excm. Deputación Provincial da Coruña a documentación necesaria para os efectos xustificativos correspondentes.

4.- Notificar este acordo á empresa adxudicataria e ao director da obra.

5.- Dar traslado aos servizos municipais de Intervención e Tesourería; así como ao de Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

**9. APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 6 DA OBRA DE MELLORA DAS BEIRARRÚAS NA AVDA. ESPAÑA, RÚA PONTE NOVA E OUTRAS. POS+ADIC 2/2021**

Vista a proposta da Alcaldía, asinada dixitalmente con data 07.06.2023, que literalmente di:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA**





**ASUNTO: APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 6 DA OBRA DE MELLORA DAS BEIRARRÚAS NA AVDA. ESPAÑA, RÚA PONTE NOVA E OUTRAS. POS+ADIC 2/2021**

**Expte. 2021/C003/000001**

D. Rubén Ferrero Pérez, con NIF \_\_\_\_\_, en representación da empresa MERAKI CR S.L., con C.I.F. núm. B06909501, adjudicataria das obras “Mellora das beirarrúas na Avda. España, Rúa Ponte Nova e outras”, presentou a seguinte documentación con data 31.05.2023 (R.E. 2023/999/1206):

-- Certificación núm. 6 polo importe de 13.844,08 €

A factura correspondente á certificación de obra núm. 6, expedida polo adjudicatario nos termos do RD 1619/2012 e Lei 25/2013, do 27 de decembro e que foi presentada telematicamente é a seguinte:

- Factura con nº de rexistro de facturas F/2023/1489, de data 31.05.2023, nº de factura 2023\_A 05\_14, correspondente á certificación nº 6 da obra “Mellora das beirarrúas na Avda. España, Rúa Ponte Nova e outras” por importe de 13.844,08 €.

Con data 07.06.2023 emitiuse un informe favorable pola Intervención municipal, relativo á aprobación da certificación de obra e factura presentada, sendo a conta da certificación completa da obra.

Unha vez vista a documentación que se cita, proponho á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Aprobar a certificación de obra núm. 6 da obra “Mellora das beirarrúas na Avda. España, Rúa Ponte Nova e outras” polo importe de 13.844,08 € e a correspondente factura do mesmo importe.

2.- Recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes, xuntando nun so acto as fases de execución do gasto a que se refire o artigo 67.1.b) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, prestar aprobación ás facturas e os xustificantes que se citan, ordear o pago e que pola Tesourería Municipal se proceda o seu pagamento e contabilización.

3.- Remitir á Excm. Deputación Provincial da Coruña a documentación necesaria para os efectos xustificativos correspondentes.

4.- Notificar este acordo á empresa adjudicataria e ao director da obra.

5.- Dar traslado aos servizos municipais de Intervención e Tesourería; así como ao de Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

**10. DAR CONTA DO DECRETO DE ALCALDÍA 268/2023, DE DATA 01.06.2023 DE CORRECCIÓN DE ERRO NA APROBACIÓN DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA ENTIDADES E ASOCIACIÓNS SOCIOCULTURAIAS DE ÁMBITO MUNICIPAL DE CEDEIRA PARA O ANO 2023**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 268/2023 de data 01.06.2023, que di:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira <https://sede.concellodecidadeira.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificada á marxe.



“Expediente: 2023/G003/000285

**Asunto:** Corrección de erro na aprobación de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para entidades e asociacións socioculturais de ámbito municipal de Cedeira ano 2023.

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria realizada o día 26-05-2023, adoptou o seguinte acordo: APROBACIÓN DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA ENTIDADES E ASOCIACIÓNS SOCIOCULTURAIAS DE ÁMBITO MUNICIPAL DE CEDEIRA ANO 2023.

Visto o antedito acordo produciuse un erro de transcripción no punto quinto de aprobación de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para entidades e asociacións socioculturais de ámbito municipal de Cedeira ano 2023.

Examinada a documentación citada, e de conformidade co establecido na lexislación vixente,  
**RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 335/2019 de 26.06.2019 por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

**SEGUNDO:** Modificar o punto quinto do seguinte xeito:

Onde dí:

**QUINTO.** Recoñecer a obriga e aprobar o pago do anticipo correspondente ao 100% do importe subvencionado, isto é, 15.000,00€, con cargo a aplicación 334.789.00, retendo o 30% do importe da subvención en concepto de garantía de conformidade con previsto na base oitaba das bases reguladoras, a favor das seguintes entidades:

ENTIDADE	CIF	SUBVENCIÓN
SOCIEDADE ARTISTICA EIXIL	G15254758	3.921,64 €
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE CERVO TARROIBA	G15615941	3.250,13 €
ASOCIACION DE PATCHWORK DE CEDEIRA	G70205182	2.954,66 €
MULLERES DA VILA	G70514534	3.330,71 €
RONDALLA DE CEDEIRA	G70511613	2.660,00 €
ASOCIACION DE MAIORES DE CEDEIRA	G70405733	2.954,66 €
AAVV SAN XULIAN DE MONTOXO	G15232507	1.500,00 €
AAVV SAN ROMAN	G70567714	2.954,66 €
DISCALZOS POLO FESTIVAL	G70478706	2.954,66 €
AAVV DE PIÑEIRO	G70327069	3.142,68 €
ASOCIACION CEDEIRA EN PE	G42834523	3.223,27 €
ASOCIACIÓN DE ACORDEONS DE CEDEIRA	G70380506	3.008,38 €
ASOCIACIÓN CULTURAL BUXAINAS	G15544018	4.324,55 €
AAVV SANTA MARIA DE REGOA	G15288228	3.000,00 €
ASOCIACION CULTURAL AS ATURUXEIRAS	G70395561	1.820,00 €

Debe dicir:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira <https://sede.concellodecedeira.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.



QUINTO. Recoñecer a obriga e aprobar o pago do anticipo correspondente ao 100% do importe subvencionado, isto é, 15.000,00€, con cargo a aplicación 334.789.00, retendo o 30% do importe da subvención en concepto de garantía de conformidade con previsto na base oitaba das bases reguladoras, a favor das seguintes entidades:

ENTIDADE	CIF	SUBVENCIÓN
SOCIEDADE ARTISTICA EIXIL	G15254758	1.508,45 €
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE CERVO TARROIBA	G15615941	1.250,15 €
MULLERES DA VILA	G70514534	1.281,15 €
RONDALLA DE CEDEIRA	G70511613	600,00 €
AAVV SAN XULIAN DE MONTOXO	G15232507	1.053,85 €
AAVV SAN ROMAN	G70567714	1.136,50 €
DISCALZOS POLO FESTIVAL	G70478706	1.136,50 €
AAVV DE PIÑEIRO	G70327069	1.208,82 €
ASOCIACION CEDEIRA EN PE	G42834523	700,00 €
ASOCIACIÓN DE ACORDEONS DE CEDEIRA	G70380506	1.157,16 €
ASOCIACIÓN CULTURAL BUXAINAS	G15544018	1.663,42 €
AAVV SANTA MARIA DE REGOA	G15288228	1.270,81 €
ASOCIACION CULTURAL AS ATURUXEIRAS	G70395561	1.033,18 €

TERCEIRO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.

CUARTO. Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

**11. DAR CONTA DO DECRETO DE ALCALDÍA 274/2023 DE DATA 06.06.2023 DE LEVANTAMENTO DE REPARO DAS FACTURAS F-2023-878 E F-2023-1184 DE SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS SLU**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 274/2023 de data 06.06.2023, que di:

**“Asunto: LEVANTAMENTO DE REPARO AS FACTURAS F-2023-878 E F-2023-1184 DE SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS SLU**

Vista a relación das facturas preparada pola Intervención e que se atopa conformada e con crédito presupostario para a súa tramitación.

A intervención municipal emitíu notas de reparo en informe asinado en data 05 de xuño de 2023 relativo á fiscalización previa das facturas seguintes:

Nº REX	Nº RA	DATA FRA	CIF/NIF	NOME	TEXTO	PROG	ECON	IMPORTE
--------	-------	----------	---------	------	-------	------	------	---------

FIRMADO POR Ana Velo Ruiz (FECHA: 09/06/2023 22:19:00) , Pablo Diego Moreda Gil (FECHA: 10/06/2023 12:33:00) Versión imprimible CVD: MGAFAIwYESlMNVkVE5ov7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



F/2023/878	23 190	31/03/2023	B27154731	SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS SLU	RECOGIDA de RSU, y LIMPIEZA VIARIA MARZO DE 2023	1621	22700	39.873,76 €
F/2023/1184	23 273	30/04/2023	B27154731	SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS SLU	RECOGIDA de RSU, y LIMPIEZA VIARIA ABRIL DE 2023	1621	22700	39.873,76 €

O reparo de Intervención basease fundamentalmente en que esta extinguido o contrato, e deberá procederse a unha nova adxudicación.

A pesar de que se toman en consideración as argumentacións apuntadas pola funcionaria, a situación de recursos e medios do concello impide que se regularicen todas estas prestacións sen afectar á boa marcha do concello e á satisfacción dos intereses municipais e prestación de servizos.

En aplicación dos artigos 217 e seguintes do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladoras das Facendas Locais.

## RESOLVO

**PRIMEIRO.-** Levantar a nota de reparo emitida pola intervención referidas ás facturas sinaladas no presente expediente.

**SEGUNDO.-** Dar conta a Xunta de Goberno Local na próxima sesión que se celebre.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

## 12. DAR CONTA DA SENTENCIA DO XULGADO DO SOCIAL N.1 DE FERROL DE DATA 20.03.2023, P.O. 160/2022 DE JAVIER NÚÑEZ GONZÁLEZ CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA

Vista a proposta da Alcaldía, asinada dixitalmente con data 06.06.2023, que literalmente di:

### “PROPOSTA DE ALCALDÍA

**Asunto: DAR CONTA DA SENTENCIA DO XULGADO DO SOCIAL N.1 DE FERROL DE DATA 20.03.2023, P.O. 160/2022 DE JAVIER NÚÑEZ GONZÁLEZ CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da sentenza do Xulgado do Social N. 1 de Ferrol de data 20.03.2023 (rex de entrada nº 202399900000799, de data 04.04.2023) en relación co procedemento ordinario P.O. 160/2022 de Javier Núñez González contra o concello de Cedeira, cuxo fallo di:

*“(…) ESTIMANDO la demanda interpuesta por D. Javier Núñez González frente al CONCELLO DE CEDEIRA declaro el carácter indefinido no fijo de la relación laboral que une a las partes con antigüedad de 23 de mayo de 2016 condenando a la entidad demandada a estar y pasar por la presente declaración.*



*Notifíquese la presente resolución a las partes, haciéndoles saber de qué contra la misma cabe interponer recurso de suplicación ante la Sala de lo Social del Tribunal Superior de Justicia de Galicia en un plazo de cinco días, conforme disponen los artículos 194 y siguientes de la L.R.J.S. (...)*

Por todo o exposto, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.**- Tomar coñecemento da sentenza.

**Segundo.**- Dar traslado ós servizos de Intervención-Tesourería para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

### 13. DAR CONTA DA FIRMEZA DA SENTENCIA DO XULGADO DO SOCIAL N. 1 DE FERROL DE DATA 03.01.2023, P.O. 162/2022, CRISTINA VILELA FRAGUEIRO, ROCÍO FEIJO CARUNCHO E ALBA MARÍA FERNÁNDEZ FRAGUEIRO CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA E OUTROS

Vista a proposta da Alcaldía, asinada dixitalmente con data 07.06.2023, que literalmente di:

#### “PROPOSTA DE ALCALDÍA

**Asunto: DAR CONTA DA FIRMEZA DA SENTENCIA DO XULGADO DO SOCIAL N. 1 DE FERROL DE DATA 03.01.2023, P.O. 162/2022, CRISTINA VILELA FRAGUEIRO, ROCÍO FEIJO CARUNCHO E ALBA MARÍA FERNÁNDEZ FRAGUEIRO CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA E OUTROS**

Visto que con data 27.01.2023 deuse conta á Xunta de Goberno Local da sentenza do Xulgado do Social N. 1 de Ferrol de data 03.01.2023 (rex de entrada nº 202399900000064, de data 11.01.2023), en relación co procedemento abreviado P. O. 162/2022 de Cristina Vilela Fragueiro, Rocío Feijoo Caruncho e Alba María Fernández Fragueiro contra o concello de Cedeira e outros.

Vista a dilixencia de ordenación do Xulgado do Social N. 1 de Ferrol de data 30.03.2023 (rex entrada nº 202399900000799, de data 04.04.2023) no que se comunica que a sentenza de data 03.01.2023 ten carácter de firme.

Por todo o exposto, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.**- Tomar coñecemento da firmeza da sentenza.

**Segundo.**- Dar traslado ós servizos de Intervención-Tesourería para a incoación do expediente para a aprobación do gasto.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

### 14. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN 273/2023 DE DATA 02/06/2023 DE ACEPTACIÓN DA AXUDA CONCEDIDA PARA A “SUSTITUCIÓN DE CALDERAS DE GAS POR BIOMASA EN PISCINA MUNICIPAL DE CEDEIRA” AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira <https://sede.concellodecedeira.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.



**SUBVENCION DA VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES PARA A DISTRIBUCIÓN DO FONDO ADICIONAL AO FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL A CONCELLOS CON POBOACIÓN INFERIOR A 15.000 HABITANTES. PR486B**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 273/2023 de data 02.06.2023, que di:

**“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

**ACEPTACIÓN DA AXUDA CONCEDIDA PARA A “SUSTITUCIÓN DE CALDERAS DE GAS POR BIOMASA EN PISCINA MUNICIPAL DE CEDEIRA” AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCION DA VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES PARA A DISTRIBUCIÓN DO FONDO ADICIONAL AO FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL A CONCELLOS CON POBOACIÓN INFERIOR A 15.000 HABITANTES. PR486B**

Mediante a Orde do 09 de febreiro de 2023, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes estableceu os criterios e o procedemento para a distribución do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local destinado aos concellos de Galicia con poboación inferior a 15.000 habitantes, previsto no artigo 59.catro da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 (código de procedemento PR486B), (DOGA número 34 de 17 de febreiro de 2023).

Este concello presentou solicitude de axuda ao abeiro da citada Orde para o proxecto coa denominación “Sustitución de calderas de gas por biomasa en piscina municipal de Cedeira” cun orzamento IVE incluído de 92.145,30€.

O Concello de Cedeira ven de recibir notificación de data 29/05/2023 onde se resolve asignarlle ao concello unha achega polo importe de 92.145,30€ dentro da Liña 1 da convocatoria de subvención para a actuación proposta de “Sustitución de caldeiras de gas por biomasa en piscina municipal de Cedeira”.

Coa notificación de concesión de financiamento, remiten un modelo de aceptación da achega que este concello debe devolver asinado.

Polo exposto, **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 335/2019 de 26.06.2019 por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

**Segundo.-** Aceptar a achega concedida e as condicións contidas na orde reguladora e na resolución de concesión.

**Terceiro.-** Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que se realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

**15. ASUNTOS VARIOS**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira <https://sede.concellodecedeira.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.



Pola Presidencia sométense a consideración da Xunta de Goberno Local, por razóns de urxencia, as seguintes propostas:

### 15.1 CONTRATO MENOR DE SERVICIOS PARA O CAMPAMENTO MUNICIPAL DE VERÁN 2023

Vista a proposta da Alcaldía, asinada dixitalmente con data 08.06.2023, que literalmente di:

#### "PROPOSTA DE ALCALDÍA

**Asunto: CONTRATO MENOR DE SERVICIOS PARA O CAMPAMENTO MUNICIPAL DE VERÁN 2023**

**Expte.: 2023/C002/000050**

O Concello de Cedeira é o encargado do campamento de verán durante os meses de xullo e agosto para menores que se levará a cabo durante os meses de xullo e agosto co CEIP Nicolás del Río, con inicio o día 03.07.2023 e finalización o 31.08.2023.

A finalidade deste campamento de verán é que os rapaces e as rapazas vivan experiencias distintas e aprendan valores como a solidariedade, o traballo en equipo, autocontrol, empatía, respecto así como poder desenvolver habilidades sociais nun contexto cultural e educativo. Tamén serve para que os proxenitores poidan conciliar cos seus traballos durante o periodo de vacacións.

Para a realización do campamento de verán do Concello de Cedeira, recibíronse os seguintes presupostos:

- a) IG10 GESTIÓN SERVICIOS, S.L. (R.E. 202399900001217 de 01.06.2023). Presenta o orzamento núm. 23IR/122 polo importe de 14.995,00 € sen IVE.
- b) PICARIÑOS ANIMACION, S.L. (R.E. 1869 de 07.06.2023). Presenta un orzamento polo importe de 16.135,00 € sen IVE.
- c) GAME SPORT GESTION SERVICIOS, S.L. (R.E. 202399900001220 de 02.06.2023). Presenta o orzamento núm. 12 de 02.06.2023 polo importe de 15.670,00 € sen IVE.

Con data 08.06.2023 o órgano de contratación emitiu unha proposta de gasto por un importe total de 16.494,50 € (IVE incluído).

Con data 08/06/2023 emítese pola Intervención municipal un informe de retención de crédito polo mesmo importe.

Por todo o exposto, **proponho á Xunta de Goberno Local** a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Declarar a conformidade coas propostas presentadas.
- 2.- Aprobar o gasto e adxudicar mediante un contrato menor a IG10 GESTIÓN SERVICIOS, S.L., con CIF B27357391, o servizo de campamento de verán "Campamento municipal e verán 2023", de



acordo co orzamento 23IR/122 polo importe de 14.995,00 € e 1.499,50 € en concepto de IVE ao 10% (total IVE incluído: 16.494,50 €).

3.- Notificar o presente acordo aos licitadores.

4.- Dar traslado deste acordo aos servizos municipais de Intervención e Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a urxencia e aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

## 15.2 PROGRAMA DE APOIO A OS CIM

Vista a proposta da Alcaldía, asinada dixitalmente con data 08.06.2023, que literalmente di:

### “PROPOSTA DE ALCALDÍA

Como órgano competente para acordar a solicitude, mediante o sistema de xestión compartida, das subvencións convocadas mediante resolución do 20 de abril de 2023, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, cofinanciadas parcialmente polo Fondo Social Europeo Plus (DOG núm. 87 do 08.05.2023),

**PROPOÑO** a esta Xunta de Goberno Local:

1º.- Participar de forma asociada cos Concellos de Cariño, Cerdido, Mañón e Ortigueira, na solicitude, mediante o sistema de xestión compartida, das subvencións convocadas mediante resolución do 20 de abril de 2023, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, cofinanciadas parcialmente polo Fondo Social Europeo Plus (DOG núm. 87 do 08.05.2023): SI427B PROGRAMA DE APOIO AOS CIM

2º.- Nomear representante con poderes suficientes para cumprir con todas as obrigas que como entidade beneficiaria corresponden á citada agrupación/asociación, e que actuará como coordinador, interlocutor, perceptor e xustificador da axuda ao alcalde do Concello de ORTIGUEIRA

3º.- Asumir os seguintes compromisos de execución:

O concello de Cedeira prestará colaboración técnica e administrativa e difundirá a existencia do servizo asumindo o compromiso solidario de responsabilidade, execución e aplicación da subvención, sen que teñan que facer aportación económica algunha.

4º.- O importe de subvención que vai aplicar cada un dos concellos integrantes da agrupación/asociación é de :

O concello representante é o que percibe, xestiona e xustifica o 100% dos fondos da subvención.





5º.- Declarar que este Concello remitiu as respectivas contas do exercicio 2021 ao Consello de Contas de Galicia, nas seguintes datas:

- 18.10.2022

6º.- Asumir o compromiso solidario de responsabilidade, execución e aplicación da subvención.

7º.- Asumir o compromiso solidario de non disolver a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei de Subvencións de Galicia, e todos os concellos quedarán obrigados solidariamente ao cumprimento das obrigas que deriven da concesión da subvención.

8º.- Remitir certificación do presente acordo ao concello de Ortigueira e a os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a urxencia e aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 14:32 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

PABLO DIEGO MOREDA GIL

ANA VELO RUIZ

